



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

23 JUL 2024 10:40:57

Entrada **34526**

Sobre a remuneración dos permisos parentais para atención a fillos e fillas até os oito anos.

Competencia
Subcompetencia
Tipo Expediente

Competencias de la Cámara
Control e información
184-Pregunta al Gobierno con
respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á remuneración dos permisos parentais para atención a fillos e fillas até os oito anos.**

O próximo día 2 de agosto remata o prazo para a transposición da parte restante da Directiva (UE) 2019/1158 do Parlamento Europeo e do Consello de 20 de xuño de 2019 relativa á conciliación da vida familiar e a vida profesional de proxenitores e coidadores, a que corresponde á remuneración dos permisos parentais de oito semanas para atención a fillos e fillas até os oito anos.

Cando se aprobaron os permisos, tanto o BNG como a principal organización sindical na Galiza, a Confederación Intersindical Galega (CIG), advertiron que era preciso, tamén, abordar a incorporación á normativa estatal da súa remuneración, porén esta segue retrasándose, a pesar de que a transposición é obrigatoria.

Segundo distintas informacións de prensa o momento para incorporar a remuneración parece querer retrasarse por parte dos partidos do Goberno até a aprobación dos orzamentos, pero non se entenden as razóns de seguir postergando incorporar unha lexislación de obrigado cumprimento e que pode dar lugar, en caso contrario, a sancións por parte da UE.

Unión Europea esixe que se atenda o custo económico asociado aos permisos de coidado, incluíndo este permiso parental que, ademais, ten que ser un permiso diferenciado dos vinculados ao nacemento. Porén, no Real Decreto Lei publicado o Goberno español ademais de non asumir a prestación compensatoria vinculada ao goce do permiso parental non responde.





realmente en materia de conciliación pois, a única modificación que introduce é a respecto do permiso de lactación, simplemente deixando de vincular os termos e o goce deste dereito de xeito acumulado ao pactado na negociación colectiva, fortalecendo minimamente o dereito das persoas traballadoras a poder gozar este permiso de xeito acumulado, mais sen establecer como, nin a súa duración.

É máis, no relativo á lactación, o Goberno español debe blindar e estender a protección do permiso de lactación acumulado para cada persoa proxenitora concretando a duración nos 28 días, unha cuestión que fora anunciada polo Ministerio pero que non apareceu concretada.

Tampouco se recolleu, nin parece que teñan pensado abordar a posibilidade das familias monomarentais ou monoparentais a poder gozar da lactación correspondente á outra persoa proxenitora, mantendo esta discriminación para as crianzas cunha soa persoa proxenitora, no tempo de coidado retribuído.

Ademais, non se aborda a extensión deste permiso para as crianzas adoptadas ou acollidas que superen os 9 meses; mantense o texto que deu lugar a malas interpretacións e á vulneración de dereitos cando o persoal opta por reducir a súa xornada en media hora (pois debería figurar que o dereito é dunha hora diaria); así como a redacción confusa sobre a ampliación deste permiso até os 12 meses para unha das persoas proxenitoras.

Fica pendente tamén a extensión da prestación por nacemento e coidado até os 12 meses para cada persoa proxenitora ou a ampliación a 32 semanas para as familias monoparentais.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Cando incorporará o Goberno á normativa interna do Estado español a esixencia de que se atenda ao custo económico asociado aos permisos de coidado, incluíndo este permiso parental? Cando se fixará a remuneración?



2. Cumprirá coa esixencia da Directiva de que se trate dun permiso diferenciado dos vinculados ao nacemento?
3. Avanzará en materia de conciliación a respecto do permiso de lactación e a desvinculación da negociación colectiva para establecer como se fará e a súa duración?
4. Estenderá a protección do permiso de lactación acumulado para cada persoa proxenitora concretando a duración nos 28 días?
5. Abordará a posibilidade das familias monomarentais ou monoparentais a poder gozar da lactación correspondente á outra persoa proxenitora?
6. Estenderá o permiso para as crianzas adoptadas ou acollidas que superen os 9 meses?
7. Mellorarase a lexislación en materia de redución de xornada e a referida á ampliación do permiso até os 12 meses para unha das persoas proxenitoras?
8. Despregará a prestación por nacemento e coidado até os 12 meses para cada persoa proxenitora e a ampliación a 32 semanas para as familias monoparentais?

Madrid, a 22 de xullo de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la remuneración de los permisos parentales para atención a hijos e hijas hasta los ocho años.**

El próximo día 2 de agosto finaliza el plazo para la transposición de la parte restante de la Directiva (UE) 2019/1158 del Parlamento Europeo y del Consejo de 20 de junio de 2019 relativa a la conciliación de la vida familiar y la vida profesional de progenitores y cuidadores, la que corresponde a la remuneración de los permisos parentales de ocho semanas para atención a hijos e hijas hasta los ocho años.

Cuando se aprobaron los permisos, tanto el BNG como la principal organización sindical en la Galicia, la Confederación Intersindical Gallega (CIG), advirtieron que era preciso, también, abordar la incorporación a la normativa estatal de su remuneración, sin embargo esta sigue retrasándose, a pesar de que la transposición es obligatoria.

Según distintas informaciones de prensa el momento para incorporar la remuneración parece querer retrasarse por parte de los partidos del Gobierno hasta la aprobación de los presupuestos, pero no se entienden las razones de seguir postergando incorporar una legislación de obligado cumplimiento y que puede dar lugar, en caso contrario, la sanciones por parte de la UE.

Unión Europea exige que se atienda lo cueste económico asociado a los permisos de cuidado, incluyendo este permiso parental que, además, tiene que ser un permiso diferenciado de los vinculados al nacimiento. Sin embargo, en el Real Decreto Ley publicado el Gobierno español además de no asumir la



prestación compensatoria vinculada al disfrute del permiso parental no se avanza realmente en materia de conciliación pues, la única modificación que introduce es a respeto del permiso de lactancia, simplemente dejando de vincular los términos y el disfrute de este derecho de manera acumulada al pactado en la negociación colectiva, fortaleciendo mínimamente el derecho de las personas trabajadoras a poder disfrutar este permiso de manera acumulada, pero sin establecer cómo, ni su duración.

Es más, en lo relativo a la lactancia, el Gobierno español debe blindar y extender la protección del permiso de lactancia acumulado para cada persona progenitora concretando la duración en los 28 días, una cuestión que había sido anunciada por el Ministerio pero que no apareció concretada.

Tampoco se recogió, ni parece que se tenga pensado abordar la posibilidad de las familias monomarentales o monoparentales a poder disfrutar de la lactancia correspondiente a la otra persona progenitora, manteniendo esta discriminación para los niños y niñas con una sola persona progenitora, en el tiempo de cuidado retribuido.

Además, no se aborda la extensión de este permiso para los niños y niñas adoptadas o acogidas que superen los 9 meses; se mantiene el texto que dio lugar a malas interpretaciones y a la vulneración de derechos cuando el personal opta por reducir su jornada en media hora (pues debería figurar que el derecho es de una hora diaria); así como la redacción confusa sobre la ampliación de este permiso hasta los 12 meses para una de las personas progenitoras.

Queda pendiente también la extensión de la prestación por nacimiento y cuidado hasta los 12 meses para cada persona progenitora o la ampliación a 32 semanas para las familias monoparentales.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Cuándo incorporará el Gobierno a la normativa interna del Estado español la exigencia de que se atienda al coste económico asociado a los



permisos de cuidado, incluyendo este permiso parental? ¿Cuándo se fijará la remuneración?

2. ¿Cumplirá con la exigencia de la Directiva de que se trate de un permiso diferenciado de los vinculados al nacimiento?
3. ¿Avanzará en materia de conciliación a respeto del permiso de lactancia y la desvinculación de la negociación colectiva para establecer cómo se hará y su duración?
4. ¿Extenderá la protección del permiso de lactancia acumulado para cada persona progenitora concretando la duración en los 28 días?
5. ¿Abordará la posibilidad de las familias monomarentales o monoparentales a poder disfrutar de la lactancia correspondiente a la otra persona progenitora?
6. ¿Extenderá el permiso para los niños y niñas adoptadas o acogidas que superen los 9 meses?
7. ¿Se mejorará la legislación en materia de reducción de jornada y la referida a la ampliación del permiso hasta los 12 meses para una de las personas progenitoras?
8. ¿Desplegará la prestación por nacimiento y cuidado hasta los 12 meses para cada persona progenitora y la ampliación a 32 semanas para las familias monoparentales?

Madrid, a 22 de julio de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso